Exercicios autoavaliables

Fonética e fonoloxía. Os sons da lingua

1. Describe os fonemas das palabras: xamón, goma, cero, libro, peixe, unha, fillo.
2. Indica en que se parecen o *t* de *tía* e o *d* de *día*. En que se diferencian? Fai o mesmo cos exemplos: ***c**ana/**g**ana, ra**p**o/ra**b**o, ca**rr**o/ca**r**o, u**ñ**a/u**nh**a, a**ñ**o/a**n**o, **b**ar/**m**ar*
3. Escribe un enunciado asertivo, outro interrogativo e un terceiro exclamativo. Debuxa as súas curvas melódicas e comenta os seus tonemas.
4. Completa a columna:

Fonema	Fonoloxía
...	Fonética
...	Morfoloxía
Sintagma e oración	…
Texto	…

5. Cal é o significado das seguintes palabras, segundo se pronuncien con e/o abertos ou pechados: r**e**go, b**e**be, c**o**me, s**e**de, x**o**go, ac**o**rdo, b**o**te, m**o**llo. Utiliza un dicionario se o precisas.
6. Compara e contrasta as consoantes africadas como *ch* coas oclusivas como *p* ou *b* e coas fricativas como *f* ou *z*. Despois, propoñendo parellas de exemplos, contrasta os fonemas (1) nasal alveolar e nasal velar, e (2) fricativo alveolar e fricativo palatal practicando a conmutación.
7. Relaciona a presenza ou ausencia de diérese sobre o *i* coa pronuncia con hiato ou ditongo na conxugación dos verbos rematados en *-aer, -oer, -aír, -oír, -uír*.
8. Escribe palabras en que aparezan exemplos de sílabas abertas ou libres e trabadas ou pechadas. Analiza o núcleo e as marxes silábicas.
9. Escribe tres palabras con ditongo crecente e outras tres con decrecente diferentes. Tamén tres que presenten hiato. Analiza despois a súa estrutura silábica, sinalando nos casos dos ditongos as semivogais.
10. a) Escribe agora outras tres palabras con tritongos diferentes. Analiza a súa estrutura silábica. b) Cita tamén tres exemplos en que o tritongo se poida desfacer e pronunciar como vogal máis ditongo.
11. Nas frases seguintes, sitúa os signos de interrogación e exclamación que sexan necesarios e escribe as maiúsculas que cumpran.

    - pero maría, por que non me avisaches a tempo.
    - meu deus, canta xente.

- poderíasme emprestar trinta euros.
- que medrado está este neno... cantos anos dis que ten.
- cantas veces terei que repetilo. xa estou farto.
- pechou a porta con forza e catacroc pillou unha deda.
- é certo que foi vestido desa maneira ti víchelo.

12. a) Separa as seguintes palabras nas sílabas que as compoñen e subliña a sílaba tónica: azul, empanada, músico, contáronnolo, xantar, fósil, cóxegas, cantil, recordarémosllelo. b) Agora clasifica estas palabras en grupos segundo sexan agudas, graves, esdrúxulas ou sobreesdrúxulas.

13. Pon os acentos gráficos que faltan nas frases seguintes:

-Vimolo cando entraba no salon.
- Fixemolo rapidamente porque era moi facil.
- O mercores imos plantar unha arbore no xardin.
- Andres foi o medico e levou o seu automobil.
- Cesar estudiou musica e agora toca moi ben o violin.
-Deitate comodamente no sofa.
- Chamaronme por telefono?
- Anxo e eu estivemos pegando fotos no album.
-Estes son os meus avos. El ten xa oitenta anos.
- A gaiola é o carcere do paxaro.

14. Nas seguintes frases, pon o acento diacrítico nas palabras que o precisen:

- Nos temos que marchar axiña, xa nos avisaron na casa.
- Dame a carteira que está enriba da mesa.
- Aínda non e inverno e xa vai moito frío.
- A miña irma vive fora de Galicia, pero ven todos os anos pasar aquí as vacacións.
- Algunhas persoas so ven a palla no ollo alleo.
- Vos sempre queredes mais, mais eu xa non vos fago caso.
- Fixo un no no amalló do zapato.
- Se vas a praia, vai pola autoestrada, e moito mais cómoda ca estrada.
- Dixéronlle o rapaz que baixase da pola da cerdeira, que tiñan moita presa.
- O meu coche consome mais co teu, teño que falar co mecánico.
- Merca unha bola de pan e unha lata de olivas sen oso.
- Se non nos das unha explicación das túas ausencias, mandaremos chamar os teus pais.

1:

X: fonema consonántico fricativo palatal xordo
A: fonema vocálico aberto central
M: fonema consonántico nasal bilabial sonoro
O: fonema vocálico medio pechado posterior
N: fonema consonántico nasal velar sonoro

G: fonema consonántico oclusivo velar sonoro
O: fonema vocálico medio pechado posterior
M: fonema consonántico nasal bilabial sonoro
A: fonema vocálico aberto central

C: fonema consonántico fricativo interdental xordo
E: fonema vocálico medio aberto anterior
R: fonema consonántico vibrante simple alveolar
O: fonema vocálico medio pechado posterior

L: fonema consonántico lateral alveolar sonoro
I: fonema vocálico pechado anterior
B: fonema consonántico oclusivo bilabial sonoro
R: fonema consonántico vibrante simple alveolar
O: fonema vocálico medio pechado posterior

P: fonema consonántico oclusivo bilabial xordo
E: fonema vocálico medio pechado anterior
I: fonema vocálico pechado anterior
X: fonema consonántico fricativo palatal xordo
E: fonema vocálico medio pechado anterior

U: fonema vocálico pechado posterior
NH: fonema consonántico nasal velar sonoro
A: fonema vocálico aberto central

F: fonema consonántico fricativo labiodental xordo
I: fonema vocálico pechado anterior
LL: fonema consonántico lateral palatal sonoro
O: fonema vocálico medio pechado anterior

2:

Parécense no modo e no punto de articulación, pois as dúas son oclusivas dentais. Diferéncianse na sonoridade en tanto que a primeira é xorda e a segunda sonora. /k/ e /g/ coinciden en seren oclusivos e velares, pero /g/ é sonoro e /k/ xordo. /b/ e /p/ coinciden en seren bilabiais e oclusivos, pero /p/ é xordo e /b/ sonoro. /ɾ/ e /r/ son alveolares e sonoros, pero /ɾ/ é vibrante simple e /r/ vibrante múltiple. /ɲ/ e /ŋ/ son nasais e sonoros, pero /n/ é alveolar e /ŋ/ velar. /ɲ/ e /n/ son nasais e sonoros, pero /ɲ/ é palatal e /n/ alveolar. /b/ e /m/ coinciden en seren bilabiais e sonoros, pero /b/ é oral e /m/ é nasal.

3:

Enunciado asertivo: a liña de entoación mantense nun ton baixo, cun suave descenso; unha lixeira elevación na última sílaba tónica precede a caída final do segmento (tonema descendente). Exemplo:

Partirei de viaxe este luns



Enunciado interrogativo: inicia con ton alto, que se mantén ata a última sílaba tónica ou ata a súa precedente, para descender de súpeto (tonema descendente precedido por unha elevación). Exemplo:

Chegou o teu irmán?

Enunciado exclamativo: o ton é elevado e mantense alto ata a última sílaba tónica, que sobe un pouco máis e baixa de súpeto (tonema descendente, que vai baixando pouco a pouco desde un ton inicial moi alto).

Gañámo-la liga!



4:

fonema → fonoloxía;
son → fonética;
morfema / palabra → morfoloxía;
sintagma / oración → sintaxe;
texto → gramática do texto.

5:

Rego con vogal pechada significa 'suco'; con vogal aberta, é a IP1 de 'regar'. *Comezo,* con vogal pechada, significa 'principio'; con vogal aberta é o IP1 de 'comezar'. *Bebe*, con vogal aberta é IP3 do verbo 'beber'; con vogal pechada, segunda persoa de imperativo do mesmo verbo. *Sede*, con vogal aberta é 'domicilio social'; con vogal pechada, 'gana de beber'. *Xogo,* con vogal pechada é 'entretemento'; con vogal aberta, IP1 do verbo 'xogar'. *Acordo,* con vogal pechada, é 'avinza, decisión'; con vogal aberta é IP1 do verbo 'acrodar'. *Bote*, con o aberto, é 'embarcación'; bote, con o pechado, é SP1-3 do verbo 'botar'. *Mollo,* con o aberto, é 'feixe'; con o pechado, é 'salsa, prebe'.

6:

Coas oclusivas coinciden no pechamento total da canle pola que sae o aire; coas fricativas, en que cando se abre esta canle só se abre moi pouco de xeito que o aire sae rozando sen provocar unha explosión.

(1) Unha/una; duna/dunha. (2) Pexa/pesa; xo/so; xa/sa; fuxo/fuso

7:

A diérese sobre o i nas formas dos verbos en *-aer, -oer, -oír, -uír*, como *traer, caer, moer, constituír, saír*, sinala que ese *i* é átono pero que, aínda así, forma sílaba por si só.

8:

Abertas: *peza, lobo, nena*... Trabadas: *perder, artistas, postes*... As vogais constitúen os núcleos silábicos e as consoantes as marxes.

9:

Ditongos crecentes: *pru-den-cia, cien-cia; cues-tio-na-rio.* Ditongos decrecentes: *fa-lei, pa-sou, pai*, etc. As semivogais son i/u.

Hiato: *a-é-r-e-o, mo-e-ga, ba-úl*, etc. Os dous primeiros son hiatos por non existir neles vogal pechada i/u. No terceiro porque o *u* é tónico e forma sílaba por si só.

10:

a) Minguou, mingüei, iguais. b) Cambiei, acentuou, rituais.
O tritongo adoita manterse precedido por consoante velar, pero no caso de consoante que non sexa velar tende a desfacerse en vogal + ditongo.

11:

- Pero María, por que non me avisaches a tempo?
- Meu Deus!, canta xente!
- Poderíasme emprestar trinta euros?
- Que medrado está este neno...! Cantos anos dis que ten?
- Cantas veces terei que repetilo? Xa estou farto.
- Pechou a porta con forza e ¡catacroc! pillou unha deda.
- É certo que foi vestido desa maneira? Ti víchelo?

12:

a)
azul: a – zul
músico: mú – si – co
xantar: xan – tar
cóxegas: có – xe – gas
recordarémosllelo: re – cor – da – ré - mos – lle - lo
empanada: em – pa – na – da
contáronnolo: con – tá – ron – no – lo
fósil: fó – sil
cantil: can – til

b)
Agudas: azul, xantar, cantil
Graves: empanada, fósil
Esdrúxulas: músico, cóxegas
Sobreesdrúxulas: recordarémosllelo, contáronnolo

13:

- Vímolo cando entraba no salón.
- Fixémolo rapidamente porque era moi fácil.
- O mércores imos plantar unha árbore no xardín.
- Andrés foi ó medico e levou o seu automóbil.
- César estudou música e agora toca moi ben o violín.
- Déitate comodamente no sofá.
- Chamáronme por teléfono?

- Anxo e eu estivemos pegando fotos no álbum.
- Estes son os meus avós. El ten xa oitenta anos.
- A gaiola é o cárcere do paxaro.

14:

- **Nós** temos que marchar axiña, xa nos avisaron na casa.
- **Dá**me a carteira que está enriba da mesa.
- Aínda non **é** inverno e xa vai moito frío.
- A miña irmá vive **fóra** de Galicia, pero **vén** todos os anos pasar aquí as vacacións.
- Algunhas persoas **só** ven a palla no ollo alleo.
- **Vós** sempre queredes **máis**, mais eu xa non vos fago caso.
- Fixo un **nó** no amalló do zapato.
- Se vas **á** praia, vai pola autoestrada, **é** moito **máis** cómoda **cá** estrada.
- Dixéronlle **ó** rapaz que baixase da **póla** da cerdeira, que tiñan moita **présa**.
- O meu coche consome mais **có** teu, teño que falar co mecánico.
- Merca unha bola de pan e unha lata de olivas sen **óso**.
- Se non nos **dás** unha explicación das túas ausencias, mandaremos chamar os teus pais.